



Despois do 2001, este ano está sendo o máis chuvioso dos últimos tres lustros na conca Miño-Sil

Con crecidas e desbordamentos

ÁNGELES RODRÍGUEZ

Un día si, e outro tamén. As continuas borrascas veñen marcando a meteoroloxía dos últimos dous meses. Ata tal punto que o pasado xaneiro converteuse no mes cun maior número de días de choiva na comunidade galega dende que hai rexistros. “Na Coruña, Ourense, Santiago e Pontevedra superouse o máximo histórico de días de chuva (≥1 L/m²). Na cidade das Burgas este número foi o dobre do valor climático normal, mentres que na Coruña, con 27 días de chuva, superouse o máximo histórico de 1943, situado en 26 días”, segundo se informa dende a Consellería de Medio Ambiente.

Tamén as cantidades de choiva estiveron por riba do dobre esperado nas principais cidades galegas, se ben “non se chegou a superar os máximos históricos que en numerosos lugares foron rexistrados en xaneiro do 2001. No conxunto de Galicia, as precipitacións foron un 80% superiores aos valores normais”, segundo os datos que manexa a consellería. Ademais no conxunto galego as precipitacións foron un 80% superiores aos valores normais e “o número de días nos que choveu máis de 1 L/m² moveuse entre os 22 en zonas do interior e os 28 na costa atlántica”.

Nesta mesma liña, o informe climatolóxico de xaneiro de 2014 de Meteogalicia sobre Ourense conclúe que “a precipitación rexistrada é moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido” e no que “o número de días de chuva acadou o valor máximo da serie con máis do dobre de días, con respecto ao valor climático normal”.

Tantas xornadas seguidas de precipitacións tiveron o seu reflexo en ríos, encoros e regatos. Tamén afectaron ao agro nalgúns puntos do territorio ourensán. Producíronse crecidas importantes e mesmo episodios de alerta en determinados cauces da conca Miño-Sil. “Na provincia de Lugo houbo desbordamentos importantes en toda a zona da Terra Chá e, no caso da cidade de Ourense, estivemos en nivel de activación e de prealerta, pero non che-


gamos ao código vermello de alerta. Para poder enténdelo, a referencia da prealerta no caso desta cidade é cando a auga invade a pista vermella que hai por debaixo do centro comercial. En estado de alerta estaríase cando se chega á propia estrada N-120, á entrada do centro comercial. A isto non se chegou dende o ano 2001”, explica o presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Francisco Marín.

Tamén na subconca do Támega, pertencente á Confederación Hidrográfica do Duero, se rexistraron situacións semellantes dende

maba de importantes incrementos no cauce en Rabal, que se complicaban en febreiro onde, por exemplo, o día 10 no Támega rexistrábase un nivel de 3,28 metros e un caudal de 175,4 m³/segundo (a referencia da alarma está 2,75 metros de nivel e nun caudal de 126 m³/s).

A situación ía mellorando nos seguintes días e dende a Confederación Hidrográfica do Duero tamén se falaba de normalidade nos enco-

CARLOS G. HERVELLA



RESERVA TOTAL ENCORADA NA CONCAS ESPAÑOLAS. FEBREIRO '14

Ámbitos	hm ³ actual	Reserva total encorada % S./capacidade			
		ano actual	ano anterior	Media 5 anos	Media 10 anos
Cantábrico	565	89,3	88,9	77,5	74,4
Miño-Sil	2.689	88,7	80,8	73,2	67,8
Galicia Costa	638	93,3	88,3	71,1	65,1
C. internas P.Vasco	21	100	95,2	92,4	85,7
Duero	6.679	89	52,5	65	63,4
Tajo	8.138	73,9	49,6	56,9	54,3
Guadiana	7.930	91,9	73,7	71,9	68,4
C. Atlánt. Andaluza	1.597	84,9	81,8	77,1	67
Guadalquivir	7.238	89,3	82,1	73,2	63
C. Medit. Andaluza	809	68,7	73,7	67,7	52,8
Segura	812	71,2	56,4	50,3	33,2
Júcar	1.753	52,5	42,5	45,1	35,3
Ebro	6.223	82,9	69,7	69,8	66,3
C. intern. Cataluña	522	77,1	52,4	70,2	60,7
Total Peninsular	45.614	82,4	65,3	66,1	60,7

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Boletín Hidrológico do 11/18 de febreiro de 2014.

Outra das zonas máis afectadas foi o río Avia, xa que “Ribadavia es-

primeiros de ano. Así o 3 de xaneiro este organismo de conca xa infor-

ros, “pero cun incremento no volume de auga encorada, que é do 83%, debido á subida das aportacións, producida polos incrementos de caudais. Séguense controlando os caudais de verquido para tratar de manter no posible a capacidade de resguardo sen encher”.

Nos datos da confederación Miño-Sil aprézanse asemade os efectos das últimas chuvias. A capacidade total de reserva de auga encorada que existe nesta conca é de 3.030 hm³ e

Xaneiro e febreiro estiveron marcados polas borrascas e polas continuas e fortes precipitacións, cun número de días de chuvia que dobrou os valores normais


Nos ríos ourensáns, pertencentes ás concas Miño-Sil e Duero, rexistráronse diversos episodios de alerta ao longo destes dous meses

Os mapas de perigosidade e risco de inundación da demarcación Miño-Sil están a exposición pública dende o 16 de xaneiro e poden consultarse na web

a reserva que rexistra na actualidade é de 2.689 hm³, segundo os datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Boletín Hidrológico 11/18 de febreiro de 2014). Supera así á do 2014 con 2.447 hm³ e tamén á media dos últimos dez anos, que se sitúa en 2.055 hm³.

Así a reserva total nesta conca acada o 88,7% da capacidade, sendo algúns dos encoros cuns rexistros máis destacados o das Portas (no río Camba), con 536 hm³ de capacidade e con 606 hm³ de auga encorada; e

Continúa na páxina 6



Francisco Marín, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Francisco Marín, presidente da C.H. Miño-Sil

“Estamos nuns niveis de volume encorado do 88,7%”

ÁNGELES RODRÍGUEZ

Mentres o tempo dá unha tregua e cesa a choiva, dende a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil evalúanse danos e agárdase a que baixen os niveis dos ríos para acometer obras de reparación nos cauces. Este ten sido un dos invernos máis chuviosos dos últimos 15 anos, asegura o presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Francisco Marín.

Tras as fortes chuvias de xaneiro e febreiro, ¿como están os cauces da conca Miño-Sil?

Nós o ano hidrolóxico contámolo de outubro a outubro, pero nestes dous últimos meses ten chovido xa case o 56% da precipitación media de toda a demarcación, contando ademais con que dende outubro ata mediados de decembro non choveu case nada. Dende o 15 de decembro ata finais de febreiro teñen pasado unhas doce borrascas e rexistráronse 24 días de intensas precipitacións. Isto supuxo que esteamos nuns niveis de porcentaxe de volume encorado do 88,7%. Isto supón que a capacidade de regulación é moi

baixa porque os encoros están moi cheos. O ano máis chuvioso nesta mesma época dos últimos 15 anos foi o 2001, no que había un 89,5%, ou sexa que estamos a 8 décimas de acadar aqueles niveis. O 2013 tamén foi importante en canto a precipitacións, pero neste mesmo período estábamos ao 81% e a media dos últimos quince anos é do 72-73%, nos que o máis seco foi o 2002, cunha porcentaxe do 48,6%.

Os niveis que presenta hoxe a conca do Miño-Sil, ¿son similares aos doutras zonas de España?

Si. A reserva total desta conca é do 88,7% (datos a 18 de febreiro), en Galicia Costa do 93%, no Duero do 89%, no Tajo do 73%, no Guadiana do 91%, no Guadalquivir do 89%, no Ebro do 82%, no Segura do 71% e no Júcar do 52%. En xeral, en España estamos nuns niveis moi por riba da media nesta época. Aínda ten que vir a primavera e aquí non están reflexados os hectómetros cúbicos de neve, que acaba por derretirse e van aos cauces. Nós temos evaluado que nas montañas de confluencia do Sil hai uns 100 hm³ de neve, que é moita auga. Cunha subida de temperatura e con chuva, iso podería ser

unha avenida.

As crecidas teñen producido tamén numerosos danos...

En toda a demarcación (que abrenque as provincias de León, Ourense, Lugo e o Baixo Miño) estamos facendo unha valoración de danos que, sobre todo, consisten nesa gran cantidade de árbores caídas e arrastradas polo río e por outro tipo de maleza, que levaron a que eses arrastres teñan invadido o cauce e mesmo nalgunhas infraestruturas de paso, de pontes, e que houbese taponamentos. Tamén a velocidade da auga afectou a algunhas marxes de ríos que poden afectar á súa vez a estradas, a infraestruturas viarias... Entón estamos avaliando danos co fin de que, cando baixen as augas un pouco, se podan facer xa algunhas obras de emerxencia para reparar eses danos.

Nestes dous meses ¿houbo moitos episodios de alerta?

Si, tivemos alertas moi importantes. Existen tres niveis dígamos de información. O primeiro deles é o de activación, que é cando o río comeza a invadir, a saírse do seu cauce. Outro sería o de prealerta e o terceiro o de alerta, que xa é o código vermello. En alerta estivemos en varias es-

tacións, en prealerta nalgunhas máis e en activación en moitas. Por exemplo, no Sil na estación que hai en Requejo, xa na entrada a Valdeorras, entrouse en activación e en prealerta algunha vez, o mesmo sucedeu no Barco, na provincia de Lugo houbo desbordamentos importantes en toda a zona da Terra Chá, na cidade de Ourense estivemos en estado de activación e prealerta. Outro caso importante foi o do río Avia, xa que Ribadavia estivo en situación de alerta, de activación e de prealerta en case todos os episodios. Grazas a Deus, a presa de Albarellos, situada na cabeceira do Avia, estaba bastante baleira, e o seu efecto de enchido permitiu que non se teña inundado máis do que se inundou a vila de Ribadavia.

Nesta conca hai numerosos encoros, ¿como inflúe isto en situacións de crecidas como as deste inverno?

Como di, na nosa conca hai moitos encoros, pero son de aproveitamento hidroeléctrico. Os grandes encoros reguladores de avenidas son o Belesar no Miño, Bárcena (Ponferrada) no Sil e o xa citado Albarellos no Avia. A capacidade de regulación dos encoros, de laminar unha avenida, é grandísima se o encoro está ao 50%, pero se está ao 90% é menor. Por suposto, cando vén unha choiva torrencial e hai moita aportación de auga ao río, por escorrentía, se chegan, por exemplo, 100 hm³ por segundo ao encoro ao mellor este está soltando 30 e os outros 70 estaos acumulando. ¿Que ocorre con iso? Que as poboacións que hai augas abaixo se pasasen eses 100 hm³ inundaríanse, pero se pasan 30 vanse regulando. Entón o encoro permite laminar no tempo esas intensas chuvias. Ben é certo que se se pon a chover intensamente un día, e outro e outro, esa capacidade vaíse perdendo conforme se vai enchendo o encoro. O encoro ten efectos negativos, como todo, pero cando hai episodios de inundación permite que nas cidades que están en zonas moi próximas ao río se poda controlar o desbordamento.

EARTH DREAMS

HACIENDO POSIBLE LO IMPOSIBLE

Nuevo CR-V Diésel por 21.900 €

Nuevo motor 1.6 I-DTEC con Earth Dreams Technology, que combina una potencia de 120 CV (88 kW) con un consumo de sólo 4,5 l/100 km.

PVP recomendado en Peris/Lula • Baleares para Honda CR-V 1.6 I-DTEC Comfort: 21.900 € incluyendo IVA, transporte, 0% Impuesto de matriculación, aportación del Concesionario y marcas, 1.500 € de sobretasación Cantisidad mínima de 3 meses, y Plan FIVE del Gobierno. 5 años de garantía 3 años de original + 2 de extensión sin límite de km. Futura metalización no incluida. Oferta válida este mes. www.honda.es. Consumo mixto 0/100 km: 4,5 - 4,3. Emisiones CO₂(g/km): 119 - 124.

Renso Motor. Ctra. Vigo, Nac. 120, km 575. Tel. 988 36 46 56*. OUTARIZ ORENSE.

*Contáctese con nosotros para más información y solicitud de prueba.

HONDA
The Power of Dreams

5 años de garantía

Vén da páxina 5

o de Belesar (no Miño) con 655 hm³ de capacidade e que na penúltima semana de febreiro presentaba un rexistro de 606 hm³; mentres que o de Montefurado no Bibei-Sil tiña seus 10 hm³ de capacidade cubertos.

A finais de febreiro as chuvias comezaban a dar un respiro e dende a Confederación Hidrográfica Miño-Sil espérase que vaia mingando o nivel dos cauces para poder acometer obras de reparación nas zonas máis afectadas polas crecidas. “Estamos facendo unha valoración de danos, de tal maneira que, en canto baixen as augas, podemos realizar obras de emerxencia”, afirma o seu presidente.

Esta situación coincide ademais no tempo co período de exposición pública nesta conca dos mapas de perigosidade e risco de inundación e delimitación de cauces públicos, zonas de servidume, policía e fluxo preferente, das áreas con risco potencial significativo de inundación e das zonas inundables. A documentación poderá consultarse ata mediados de abril na páxina web www.chmino-sil.es.

Este estudo segue as pautas marcadas pola Directiva 2007/60/CE, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, trasposta á normativa española. A partir dela iniciábase un procedemento de análise, planificación e xestión dirixido polos organismos de conca que se estruturou en tres fases. A primeira consistiu na avaliación preliminar do risco de inundación e identificación das

“Estamos facendo unha valoración de danos de forma que cando baixen as augas podemos realizar obras de emerxencia”, sinala o presidente da C.H. Miño-Sil

áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSIs) e supuxo a aprobación en decembro de 2011 das ARPSIs da demarcación. A segunda fase, na que se está actualmente, supón a elaboración dos mapas de perigosidade e risco de inundación desas áreas e a delimitación dos cauces públicos, as zonas de servidume, policía e fluxo preferente das ARPSIs e zonas inundables de interese.

En total están definidos como tramos ARPSI 490 km da demarcación Miño-Sil, pertencentes a 96 conce-

Ourense acolle a rodaxe da película “A Esmorga”, de Ignacio Vilar. Páx. 45



Décimo aniversario do Proxecto Ríos

Voluntariado para conservar os cauces

RAMSÉS PÉREZ



Actividade do Roteiríos na Limia. Abaixo, portada do informe do 2013 do Proxecto Ríos sobre a saúde dos cauces galegos.

A.R.

Son fontes de vida. Un patrimonio natural, pero tamén cultural, moi próximo e espallado por cada recuncho galego, que paga a pena coñecer e cooidar. Ao cooidado e promoción dos cursos fluviais adócase dende hai dez anos o Proxecto Ríos. É unha iniciativa de educación e voluntariado ambiental promovida por Adegas, en colaboración con Augas de Galicia e co Instituto de Estudos do Territorio. Con ela preténdese fomentar a participación activa da sociedade na conservación dos ríos da comunidade: persoas a título individual, familias, centros de ensino, administracións... E faise a través de cursos de formación, saídas, limpeza de ríos, encontros anuais...

Ano tras ano seguen sumando grupos. No 2013 incorporáronse 31 novos, co que o total ascende xa a 271 en toda Galicia. “A esta década non se podería ter chegado sen a colaboración de moitos centros de persoas, grazas ao seu traballo e impulso, o Proxecto Ríos, xunto co proxecto de seguimento de Cetmar, é dos poucos programas que hai a nivel galego de voluntariado e educación ambiental”, subliña Ramsés Pérez, coordinador de educación ambiental de Adegas.

A Coruña e Pontevedra son as provincias con máis participación,

mentres que Lugo e Ourense veñen mantendo uns valores do 13% e do 9% no conxunto galego. “Isto tamén é debido á distribución poboacional que ten Galicia. Aínda así, nestes últimos anos tentamos impulsar máis grupos en Ourense e en Lugo e nesa teima seguimos. De feito, moitas das actividades que organizamos cos Roteiríos fanse nestas dúas provincias con esa intención”, explica Ramsés Pérez.

A programación do Proxecto Ríos deste ano arrancaba xa o 11 de febreiro coa presentación do “Informe 2013” sobre o estado ecolóxico dos ríos galegos. Os



datos que reúne son froito das análises realizadas nas campañas de primavera e outono polo voluntariado participante.

En canto a calidade hidromorfolóxica dos cauces, o informe reflicte que os valores veñen sendo moi parecidos aos dos anos anteriores. “Así, máis da metade dos treitos estudados, tanto en prima-

vera como en outono, amosaron que tiñan un hábitat ben constituído (56% en primavera e 50% en outono)”. En cambio, os treitos con valores baixos do IHF (Índice de Hábitat Fluvial) correspóndense “con ríos que están canalizados ou que non levaban a suficiente auga no momento da inspección como para aportar valores suficientes do índice. En primavera foron os ríos Sañías (Cangas do Morrazo), Neira (Baralla), Mondelo (Bergondo) e Limia ao seu paso por Xinzo. En outono o río Limia foi o único que amosou un hábitat deficiente”, citando ao informe.

O calendario do Proxecto Ríos proseguirá en marzo coa primeira actividade deste ano do Roteiríos. “Comezará a campaña de primavera, se ben a campaña oficial para os voluntarios non se iniciará ata o 15 de abril e seguirá ata o 1 de xuño. Despois virá a campaña de outono, entre o 15 de setembro e o 31 de outubro”, adianta Ramsés Pérez.

Pero antes, o 22 de marzo, coincidindo coa conmemoración mundial do Día da Auga, presentarán o seu “Manual de custodia fluvial” e o 14 de xuño celebrarán a festa dos 10 anos do Proxecto Ríos.

llos e que se agruparon en 24 grupos (17 en territorio galego). Dese total, oito grupos están na provincia de Ourense (Ribadavia, Ourense, Allariz, Arnude, O Barco, Quereño, Torneiros e Limia) e seis na provincia de Lugo (Quiroga, Monforte de Lemos, Sarria, Lugo, Terra Chá e Vilalba).

Os municipios ourensáns que se inclúen na listaxe de afectados pola potencial inundación dos 500 anos son un total de 35, entre os que figuran, ademais da cidade de Ourense, algúns da parte oriental da provincia como O Barco de Valdeorras, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras e Rubiá.

Ademais dos tramos declarados oficialmente como ARPSIs, na primeira fase deste proceso tamén se estudaron en detalle outros tramos de interese respecto á súa inundabi-

Na conca Miño-Sil hai 490 km de áreas con risco potencial significativo de inundación, agrupadas en 24 grupos dos cales 8 están na provincia: Ribadavia, Ourense, Allariz, Arnude, O Barco, Quereño, Torneiros e Limia

lidade, contiguos na súa maioría aos anteriores e que suman outros 266 km.

Estes estudos “basicamente son unha forma de dar un novo enfoque á xestión dos ríos e facilitar máis espazo ao río para que poida ocupar a chaira de inundación, sen provocar riscos para as persoas e os seus bens”, segundo indicaba Francisco Marín ao termo da xornada técnica que se celebraba en Ourense sobre este tema o 16 de xaneiro, o mesmo día no que se abriu a exposición pública desta documentación.

“A revisión dos plans hidrolóxicos de conca incorporará actuacións autorizables en zonas inundables que se poidan compatibilizar cos planeamentos e as infraestruturas, por iso é clave a implicación e a coordinación dos numerosos axentes participantes na ordenación do territorio, que non deben de obviar a directiva de inundacións para que os plans urbanísticos se adapten á normativa vixente en materia de augas”, en palabras de Francisco Marín.

Agora resta unha terceira fase para completar o proceso. Consiste na elaboración dos plans de xestión de risco de inundación en base ás dúas fases anteriores, así como na súa aprobación polo goberno antes do 2015.